


Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881 938 107

cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>



CPI de ATIOS
Valdoviño



Outubro do 2023

PLAN DE CONVIVENCIA

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato...non teñan cabida.

ÍNDICE:

1- XUSTIFICACIÓN	pág. 3
2- ANTECEDENTES	pág. 3
3- CONVIVENCIA NO CENTRO	pág. 4
4- ANÁLISE DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL	pág. 6
5- CONCEPTOS E PRINCIPIOS BÁSICOS	pág. 6
6- PLAN DE CONVIVENCIA	pág. 9
6.1- OBXECTIVOS	
6.2- ACCIÓNS	
A) PREVENCIÓN	
B) DETECCIÓN	
C) INTERVENCIÓN	
7-RECURSOS	pág.18
A) RECURSOS HUMANOS	
B) RECURSOS MATERIAIS	
8- AVALIACIÓN	pág. 18
ANEXOS	

1. Xustificación

A escola non só debe ocuparse dos contidos académicos, senón que debe traballar as actitudes, as normas e valores. A educación regrada debe educar na cooperación, na tolerancia, na solidariedade, na resolución pacífica de conflitos, no respecto ás normas de convivencia, etc intentando formar futuros adultos que saiban resolver os conflitos que lles vaian xurdindo ó longo da vida dunha forma pacífica, é dicir, que aprendan a convivir, respectándose a si mesmos e ós demais.

A mellora da convivencia escolar empeza pola responsabilidade compartida de tódolos membros da comunidade educativa.

É necesario pois, que o profesorado e as familias estreiten a súa colaboración, contando, ademais, coa axuda das institucións que traballan no ámbito da infancia e da adolescencia.

Desde o centro escolar elaboramos o presente plan coa intención de promover e desenvolver actuacións relativas ó fomento da convivencia.

Este plan de convivencia atopa maior xustificación, se cabe, no marco da actual lei, que promove a avaliación por competencias, sendo a competencia social e cidadá unha delas, e introduce a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos en 3º de ESO. Apóiase así, desde o punto de vista curricular, o coidado do ambiente de convivencia e dáselle a importancia que merece a un aspecto básico na formación integral do alumno, que, en definitiva, é o que se perséguena acción educativa.

2. Antecedentes

N.O.F.C

O centro ten elaborado as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, documento que recolle as normas concretas de actuación. Polo tanto partimos deste documento. Este plan de convivencia non substitúe o de NOF senón que o integra dentro del.

Plan de Acción Titorial.

O Plan de Acción Titorial inclúe numerosas actuacións para a mellora da Convivencia . As accións levadas a cabo, tanto a nivel individual como a nivel grupal, co alumnado, profesorado e familias ten unha incidencia importantísima nas relacións da comunidade educativa .

Plan de Atención á Diversidade

Asemade, o Plan de Atención á Diversidade, mediante as medidas contempladas de adaptación ás diferenzas individuais do alumnado, permite contribuír o benestar deste, do profesorado e das familias sendo por tanto un elemento importante que incide na convivencia no centro.

3. Convivencia no centro:

3.1. Comisión de convivencia do CPI Atios

Constituído no Consello escolar do día 05 de setembro de 2022. Lévese a cabo o nomeamento dos membros da Comisión de Convivencia ,constituído polas seguintes persoas:

- ✓ Dirección: *Tania M^a Ruanova Suárez*
- ✓ Xefatura de Estudos ESO: *Carlos Alberto Bacelo López*
- ✓ Orientación: *Cristina Martínez Romero*
- ✓ Representantes do profesorado: *M^a Luisa Pita Rubido*
- ✓ *Representante do alumnado:*
- ✓ Representante das familias: *Rubén Bouza Calvo*
- ✓ Representante do persoal non docente: *Victoria A. Moreira Castro*

Funcións:

- ✓ Dinamizar o plan de convivencia do centro, e elaborar un informe anual da análise da convivencia .
- ✓ Informar trimestralmente ao Consello Escolar, xa que é preceptiva unha reunión trimestral da comisión, e tantas adicionais como a situación o requira
- ✓ Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- ✓ Propoñerlle a Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

3.2. Coordinador de Benestar do CPI Atios

No curso 2022-23 por mor da directiva recollida na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

No seu apartado sesenta e seis. Engádese o apartado 5 do artigo 124, quedando redactado nos seguintes termos:

«5. As Administracións educativas regularán os protocolos de actuación fronte a indicios de acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero e calquera outra manifestación de violencia, así como os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade. As directoras, directores ou titulares de centros educativos responsabilizaranse de que a comunidade educativa estea informada dos protocolos de actuación existentes así como da execución e o seguimento das actuacións previstas nos mesmos. En todo caso deberán garantirse os dereitos das persoas afectadas.»

No centro foi nomeada como coordinadora do benestar a persoa que cumpre cos requisitos de dedicación, experiencia e formación que é a orientadora Cristina Martínez Romero.

Ademais a coordinadora do benestar e protección ten especial contacto e intercambio de información cos titores ou as titoras, así como os profesionais de orientación do centro, que son quen pode recompilar información valiosa.

Funcións do coordinador de benestar e protección:

- ✓ Planificar as actuacións para garantir a protección dos estudantes desde a contorna escolar.
- ✓ Previr, a través de accións de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa.
- ✓ Organizar e promociar a formación, que se ofrecerá tanto ao persoal do centro como ao alumnado para previr, detectar e abordar os casos de violencia e acoso escolar.
- ✓ Detectar as situacións de violencia no ámbito escolar é outra das funcións do coordinador ou coordinadora de benestar e protección.
- ✓ Diseñar un protocolo de actuación, establecer unha canle de comunicación para

notificar casos de acoso escolar, dotar ao alumnado de capacidades para detectar situacións de violencia, etc.

- ✓ Intervir en situacións de violencia escolar e garantir que o centro educativo sexa unha contorna protectora

4. Análise de resultados da avaliación inicial:

Analizadas as respostas das enquisas que se pasaron ao profesorado, alumnado, familias e persoal non docente, podemos resaltar as seguintes cuestións:

1- Non se aprecian grandes problemas de convivencia

2- A maioría das respostas coinciden en que as relacións entre os membros da comunidade son boas.

3- Como aspectos **positivos** valorados practicamente pola totalidade da comunidade educativa pódense destacar:

- “É un centro tranquilo, sen problemas importantes de disciplina”.
- “Neste centro sentímonos A GUSTO”.
- “Non hai alumn@s que levan droga ó centro”.
- “Pódense deixar cousas sen estar baixo chave”.

4- Como aspectos **negativos** valorados pola comunidade educativa pódense destacar:

- “Entre o alumnado hai pelexas onde chegan a pegarse”.
- “Nas aulas hai persoas que molestan e non deixan traballar aos demais”.

5. Conceptos e principios básicos sobre a convivencia

5.1 Normativa:

Na sociedade actual hai unha gran preocupación por estes temas que ten como resultado a publicación de abundante normativa neste sentido; polo tanto, para a elaboración deste documento teremos presente as seguintes referencias:

- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Orde do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar. (DOG do 8 de maio de 2007).
- Lei 27/2005 de 30 de novembro de Fomento da Educación e da Cultura da Paz

(BOE do 1 de decembro de 2005).

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 4 de maio de 2006).
- Lei 3/2007 de 22 de marzo sobre Igualdade.
- Real Decreto 732/1995 de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros.
- Decreto 85/2007 de 12 de abril que regula o Observatorio da Convivencia (DOG do 8 de maio de 2007).
- Circular 6/2005 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre o órgano competente para impoñer as correccións ao alumnado por condutas contrarias as normas de convivencia.
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de educación secundaria obrigatoria.
- Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC).

5.2 *Conceptos básicos*

Convivencia: Vida en común con unha ou varias persoas, compartir vivencias xuntos.

Conflicto: Diferenza de criterios, de aspiracións, desexos e intereses contrapostos das persoas ou grupos.

Esa vida común na escola implica relacionarse a diario bastantes persoas, de aí que sexa fácil que xurdan conflitos; onde hai vida hai conflito. Cando se fala de conflitos, con frecuencia téndese a percibilos de maneira negativa porque se confunde coa forma en que habitualmente se pretende resolvelos empregando a agresividade.

A clave, polo tanto, non está en negar os conflitos, senón en aprender a resolvelos pacificamente por medio do diálogo, da comunicación, do acordo, da negociación, do entendemento e da concordia.

Problemas de convivencia que poden xurdir na escola:

Os problemas de convivencia poderíanse agrupar nos seguintes apartados:

- Agresións físicas reais ou finxidas: Beliscar, trabar, golpear, empurrar..., destruír obxectos.
- Apropiación indebida de obxectos que pode ir desde esconder pertenzas,

facerse cun obxecto pola forza, ata o “roubo”.

- Absentismo escolar que pode ser puntual, intermitente ou inicial.
- Agresións verbais: disputas, insultos, ironías malévolas.
- Diversas formas de rexeite.
- Agresións contra os adultos: desobediencia, infracción das regras, etc.
- Acoso escolar.
- A disrupción escolar é dicir condutas que alteran o correcto funcionamento do proceso ensino-aprendizaxe. Por exemplo:
 - a) Falta de rendemento que se caracteriza por una grande pasividade, desinterese por aprender e un sentimento de apatía cara a todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
 - b) Todas aquelas condutas que van dirixidas a “molestar na aula”(falar na clase, non deixar explicar ó profesor, gastar bromas que interrompen na clase, molestar a alumnos que si queren traballar, etc.
 - c) Absentismo (chegar tarde, faltar a determinadas clases, marcharse do aula sen permiso, mentir para non ir á clase, etc.)

Dentro de cada apartado debemos considerar a frecuencia con que se producen eses problemas e as consecuencias que deles se poden derivar.

Principios básicos

- En educación é necesario o establecemento claro de límites. A disciplina escolar contribúe grandemente a solucionar os problemas de convivencia.
- A través de moitos estudos está comprobado que se o alumnado ten un papel activo en definir con claridade as normas tende a cumprilas máis. Por iso os escolares deben participar, de forma democrática, na elaboración das normas de clase atendéndose sempre ás Normas de Organización, Funcionamento e convivencia (NOFC).
- Outro principio a ter en conta é o seguinte: “A impunidade ante a violencia provoca máis violencia”.
- As sancións deben contribuír a diferenciar entre agresores e vítimas: sanción ao agresor ou agresora e apoio á vítima (hai que evitar que a persoa violenta se converta en heroe)
- A disciplina debe buscar a integración, a confianza, a autoestima positiva, a

autonomía, e a empatía.

- A disciplina debe evitar: a exclusión, o medo, as ameazas, a submisión, o silencio como norma, a competitividade, a humillación.
- As medidas disciplinarias deben intentar reparar o mal feito e ó mesmo tempo favorecer cambios cognitivos, emocionais e de conduta na persoa que os infrinxiu.
- As normas de clase, elaboradas na titoría deben responder ó concepto de disciplina positiva (definindo o que hai que facer e non o que está prohibido). Hai que consensuar igualmente a forma de aplicar as regras e as consecuencias do seu incumprimento.
- Poucas regras e moi claras, consensuadas, públicas e consistentes.
- As consecuencias e incluso os castigos derivados dalgúns tipos de conflito deberían gardar relación co ocorrido (quen rompe restitúe, quen non traballa recupera, quen arremete pide desculpas...)
- Non só se buscará a resolución do problema de forma punitiva senón que se tratará, de conseguir unha aprendizaxe para que esa conduta non se volva a repetir ou a lo menos diminúa en gravidade e frecuencia.
- Avaliarase cada caso de forma individual á hora de impoñer un castigo e/ou as medidas correctoras mellores en cada caso.
- Utilizaremos a MEDIACIÓN (naqueles casos que sexan apropiados para resolverse) .
- A MEDIACIÓN é un proceso de resolución de conflitos que consiste na intervención dunha terceira persoa, mediador ou mediadora, que intenta que as partes en conflito cheguen a un acordo mediante o diálogo.

6. Plan de convivencia

6.1 Obxectivos:

- Contribuír a unha convivencia pacífica no centro (orde, tranquilidade, boas relación dentro e fóra das aulas, actitude de traballo...)
- Concienciar aos membros da comunidade educativa que lograr un bo clima de convivencia no centro é labor de todos e todas.
- Axudar a asumir e practicar os valores cívicos e democráticos: o respecto

polas persoas e os bens materiais, a tolerancia, a solidariedade, os dereitos humanos, o coidado do medio ambiente, a igualdade efectiva entre homes e mulleres...

- Aprender a resolver os conflitos de forma pacífica, primando o diálogo e o entendemento.
- Procurar que as medidas correctoras impostas sexan educativas e recuperadoras, e non só punitivas.
- Preparar para a vida social adulta a través da formación integral do alumno/a

6.2 Accións:

Plan de Acción Titorial

- a) **Prevención** *Formación específica sobre convivencia na escola*
 Traballo cooperativo

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

CONTIDOS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL RELACIONADOS, DIRECTA OU INDIRECTAMENTE, COA CONVIVENCIA		
EDUCACIÓN INFANTIL	EDUCACIÓN PRIMARIA	EDUCACIÓN SECUNDARIA
<ul style="list-style-type: none"> • Acollida • Organización • Potenciación de valores • Desenvolvemento de actitudes positivas • Habilidades de interacción social • Formación na acción titorial 	<ul style="list-style-type: none"> • Acollida da titoría ao alumnado. • Presentación dos novos compañeiros e compañeiras. • Presentación do resto do profesorado. • Coñecemento do centro por parte do alumnado novo. • Organización da clase. • Información sobre: calendario escolar, horario de titoría, actividades complementarias e extraescolares que ofrece o centro, etc. • Particularidades do nivel educativo a desenvolver. • Expectativas como grupo. • Regulamento de Réxime interno (normas de convivencia). Dereitos e deberes do alumnado. • Funcións do delegado ou delegada. Elección (3º Ciclo 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento do centro por parte do alumnado novo. • Coñecemento dos compañeiros e compañeiras e do profesorado. • Organización da clase. • Información sobre: calendario escolar, horario de titoría, actividades complementarias e extraescolares que ofrece o centro, etc. • Particularidades do nivel educativo a desenvolver. • Expectativas como grupo. • NOF. • Dereitos e deberes do alumnado. • Funcións do delegado

	<p>de Primaria).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dunhas normas propias de aula. Organización e distribución de responsabilidades. • Habilidades sociais: <ul style="list-style-type: none"> ○ Pedir e conceder favores ○ Saúdo ○ Compartir ○ Habilidades conversacionais • Habilidades de solución de problemas interpersoais • Expresar emocións e sentimentos <ul style="list-style-type: none"> ○ Aceptar e rexeitar críticas ○ Como formular queixas ○ Saber dicir non ○ Saber escoitar, etc. • Autoconcepto e Autoestima • Actitudes e valores (ante a diversidade, ante as persoas maiores, etc.) • Temas transversais: <ul style="list-style-type: none"> ○ Educación para a saúde: drogas, alcoholismo,..... ○ Educación moral e cívica ○ Educación sexual • Igualdade entre os sexos • RELACIÓNS COLEXIO-FAMILIA <ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas - Reunións grupais • FORMACIÓN NA ACCIÓN TITORIAL 	<p>ou delegada.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elección de delegado ou delegada. • Elaboración dunhas normas propias de aula. • Habilidades sociais: • Habilidades conversacionais • Habilidades de solución de problemas interpersoais • Expresar emocións e sentimentos <ul style="list-style-type: none"> ○ Aceptar e rexeitar críticas Como formular queixas Saber dicir non etc. • Autoconcepto e Autoestima • Actitudes e valores (ante a diversidade, ante as persoas maiores, etc.) • Temas transversais : - Educación para a saúde e as drogas alcoholismo. - Educación moral e cívica. - Educación sexual - Igualdade entre os sexos • TEMAS PUNTUAIS DE INTERESE OU DEBATE • RELACIÓNS COLEXIOFAMILIA • FORMACIÓN NA ACCIÓN TITORIAL
--	--	---

FORMACIÓN ESPECÍFICA SOBRE CONVIVENCIA NA ESCOLA:

- **Profesorado.**

O departamento de orientación conta con numerosa bibliografía específica a disposición do profesorado.

- **Alumnado.**

A través das actividades do Plan de Acción Titorial relacionadas co tema e da implicación da xunta de delegados no tema. Ó mesmo tempo o departamento de orientación conta con material específico para traballar o tema da convivencia co alumnado.

- **Familias.**

Tamén resultan complementarias nesta labor as “Escolas de pais” que se están a organizar desde o Concello.

- **Persoal non docente.**

Informarase a principio de curso, ao persoal non docente e sobre todo o persoal colaborador no comedor escolar sobre as normas concretas a ter en conta e como actuar. Isto é un aspecto fundamental pois constátase que a maior parte dos problemas de convivencia que xorden no centro prodúcense en tempo de lecer de comedor.

TRABALLO COOPERATIVO:

Os procedementos cooperativos son, a xuízo das persoas expertas, os máis axeitados para a mellora da convivencia na aula, e son os que ofrecen un maior grao de cambio nas condutas do alumnado agresivo.

O traballo faise en grupos heteroxéneos de aprendizaxe. Cadaquén ten a súa responsabilidade pero tamén hai unha responsabilidade compartida, que supón unha interacción na que unhas veces se dá e outras se pide axuda para realizar unha determinada tarefa.

Podemos resumir dunha forma sinxela o procedemento do aprendizaxe cooperativo en tres pasos:

- 1) Divídese a clase en equipos de aprendizaxe (de 3 a 5 membros). Os compoñentes do grupo deben ser heteroxéneos en rendemento. Estes grupos de traballo deben permanecer estables durante un certo tempo.
- 2) Anímase ao alumnado a axudar a outros membros do seu equipo na aprendizaxe da tarefa encomendada.
- 3) Recompénsase (mediante a avaliación) o rendemento obtido como consecuencia do traballo do grupo.

b) **Detección de problemas de convivencia**

Cada membro da comunidade educativa velará polo mantemento dun clima de convivencia axeitado. Cando detecte problemas neste senso terá a obriga de comunicalo seguindo as canles correspondentes:

Profesorado **Titoría** **Xefatura de Estudos** **Dirección** **Comisión de Convivencia** **Consello Escolar**

A detección dun problema implica o funcionamento dunha serie de fontes de información.

❖ **INFORMACIÓN.**

A información, segundo a súa procedencia pode ser:

a) INTERNA

b) EXTERNA

INFORMACIÓN INTERNA

A través de:

PROFESORADO.

a) Dentro da súa labor, atenderá e solucionará ós posibles problemas “ordinarios” de convivencia que poidan xurdir na súa clase ou noutro momento en que o alumnado están ao seu cargo.

b) Sempre que ese problema lle pareza relevante, comunicarllo á titoría; se non fose posible nese momento e sempre que ao seu xuízo considere que require unha intervención inmediata, entón comunicarllo a Xefatura de Estudos

c) Cando a importancia da falta cometida, ao xuízo do profesorado, sexa relevante deberá redactar o correspondente parte de faltas e entregar unha copia á titoría e outra á Xefatura de Estudos.

d) Cando o considere oportuno o profesorado solicitará a colaboración do departamento de orientación na resolución dese problema.

TITORÍA.

a) É a persoa que debe levar, de forma máis directa, a prevención e intervención sobre os problemas de convivencia do seu alumnado. Fomentará unha relación de confianza na aula para facilitar intercambio de información dun xeito fluído.

b) Sempre que ese problema lle pareza relevante e coa intención de modificar dito comportamento comunicarllo á Xefatura de Estudos; se non fose posible e se considera que o caso require unha intervención inmediata, entón comunicarllo á

Dirección.

c) Cando a importancia da falta cometida, a xuízo da titoría, sexa relevante, redactará o correspondente parte de faltas e entregará unha copia á Xefatura de Estudos.

d) Cando o considere oportuno a titoría solicitará a colaboración do departamento de orientación na resolución do problema.

XEFATURA DE ESTUDOS.

a) A Xefatura de Estudos é a encargada de coordinar e orientar a acción das titorías, de acordo co Plan de Acción Titorial, e ó mesmo tempo de atender ao alumnado accidentado ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.

b) Cando o seu xuízo o considere oportuno, comunicarllo á Dirección.

c) Cando o considere oportuno o Xefe de Estudos solicitará a colaboración do departamento de orientación na resolución do problema.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O departamento de orientación é o órgano de apoio técnico ao servizo da comunidade educativa. Ten entre as súas funcións:

-Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do Plan de Orientación Académica e Profesional e do Plan de Acción Titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento deste plan.

-Por outra banda o departamento de orientación informará aos titores, e xefes de estudos daquela información relevante sobre determinados alumnos/as de cara a unha maior atención as súas necesidades e á prevención de posibles problemas de conduta.

-Ademais o departamento de orientación, en colaboración cos titores/as, levará a cabo valoracións sociométricas para contribuíra o coñecemento das relación sociais dos grupos de clase.

Os resultados, que será información confidencial, comentaráselle aos titores/as

para poder ser tidos en conta á hora de traballar a cohesión do grupo e tamén cando se formen os grupos para o traballo cooperativo.

O titor/a facilitará ó resto do profesorado a información pertinente sobre as relacións de grupo co fin de que colaboren no logro dos obxectivos comentados anteriormente.

PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente deberá comunicar á Dirección ,ou a outro membro do equipo directivo, os problemas de convivencia que detecte no desenvolvemento das súas funcións.

DELEGADOS E XUNTA DE DELEGADOS.

Unha das funcións do delegado ou delegada de clase é “fomentar a convivencia entre os compañeiros e compañeiras do seu grupo” Polo tanto, ben directamente á titoría ou ben nas reunións da xunta de delegados deberase tratar o estado das relación entre o alumnado.

A xunta de delegados deberá:

- Informar aos representantes do alumnado no Consello Escolar dos problemas de cada grupo ou curso.
- Elaborar propostas de modificación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF), dentro do ámbito da súa competencia.
- Reunirse unha vez ao trimestre dentro do horario lectivo tal como foi aprobado polo claustro do profesorado e pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. Ás reunións da xunta de delegados, segundo sexa conveniente polos temas a tratar, poderá contar coa presenza de membros do Equipo Directivo, membros do Departamento de Orientación, encargado ou encargada do comedor e/ou Profesorado.

INFORMACIÓN EXTERNA

Facilitada por:

- FAMILIA
- SERVICIOS SOCIAIS
- SERVICIOS DE SAÚDE
- OUTROS AXENTES

c) Intervención

- Cando se desenvolvan condutas desaxustadas ás normas establecidas no centro intervírase adoptando as medidas correctoras oportunas.
- As correccións de condutas contrarias ás normas de convivencia farase conforme se determina nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) adaptando a Circular 6/2005 que determina que “ a Dirección do Centro é o órgano competente para resolver os conflitos e impoñer todas as medidas disciplinarias que correspondan ao alumnado”, e sempre sendo coherentes co disposto no Real Decreto 732/1995 de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros.
- As medida concretas dependendo da gravidade da acción están recollidas nas Normas do Organización e Funcionamento (NOF) do centro.

PROCEDEMENTOS ESPECÍFICOS

-Determinadas acción requiren procedementos de actuación específicos:

A mediación escolar

A meta ou obxectivo da mediación é axudar á resolución correcta, xusta e igualitaria do conflito, de xeito que as partes implicadas no problema se sintan satisfeitas e a relación non só poida recuperarse se non incluso mellorar. A mediación pode ser solicitada polos compañeiros ou ofrecida polos mediadores.

O mediador ou mediadora.

A mediación debe ser *imparcial, neutral*(non tomar partido por ningunha das partes) e debe comprometerse á *confidencialidade* da información á que terá acceso.

Debe ter unha serie de *calidades*:

- Ser próxima e cordial
- Ser respectuosa
- Estar dispoñible
- Ter dotes conciliadoras (saber tranquilizar os ánimos)
- Ser honesto
- Ser paciente
- Digna de confianza para gardar confidencias
- Empática (saber poñerse no lugar doutro)
- Saber escoitar de xeito activo

A mediación nunca aconsellan inxulga, somentes media.

As persoas en conflito deben acercarse á mediación cunha actitude facilitadora, con sinceridade, con ánimo de acordo e, dende logo, co compromiso de aceptar o resultado da mediación (a solución final).

Pasos a seguir no proceso da mediación.

1. Creación dun clima adecuado:

- as partes implicadas e o mediador ou mediadora preséntanse.
- o mediador ou mediadora explica o seu papel.
- recálcase a regra de ouro do respecto mutuo.
- déixase claro a confidencialidade e a neutralidade da mediación.
- as partes deben amosar unha actitude facilitadora e ánimo de chegar a un acordo.

2. Definición do problema.

- cada parte conta a súa historia ao mediador ou mediadora(subxectivamente).
- a mediación escoitará de xeito atento e activo ás partes.
- o mediador ou mediadora resume a historia das partes, facendo as preguntas necesarias para asegurarse ben de ter entendido cal é o conflito.
- se responden ás partes. A mediación permanecerá nun segundo plano, mantendo un clima adecuado e facendo observacións para reconducir o diálogo, formulando algunha pregunta que sirva para concretar o problema, etc ... pero fuxindo sempre do *sermón, do consello, da recomendación.*

A mediación non xulga (non é xuíz), soamente é un mediador.

3. Reformulación do conflito

- a mediación tratará de reformular o problema, segundo o entendeu a través das aportacións dos seus protagonistas
- é fundamental que o mediador ou mediadora sexa imparcial
- a meta é chegar a unha formulación do problema que sexa aceptada por ambas partes

4. Posibles solucións

- as partes propoñen tódalas posibles solucións ó problema que se lles ocorran, pero sen valorar ningunha delas.
- cando non se lles ocorran mais alternativas, escóllese a mellor de todas, descartando as outras.
- a mellor sempre será aquela que as partes aceptan de bo grado. A que satisfaga a

ambos. “Eu gano, ti ganas”.

5. Elección da solución

-deberá ser unha solución:

*concreta (que indique claramente a decisión acordada)

*viable (que sexa realista e non imposible de levar a cabo)

*avaliable (que poidamos ver si ese acordo ten éxito ou non, para tomar as decisión correspondente no seu momento)

-as partes deberán comprometerse con esa solución, asumindo cada parte a súa responsabilidade e as consecuencias do seu incumprimento.

-farase un mecanismo de seguimento para ver si se cumpre o acordado e si o resultado é o que se esperaba.

7. Recursos

7.1 Recursos humanos:

- Profesorado
- Alumnado
- Familias
- Persoal non docente do centro
- Persoal de outros servizos públicos: Servizos sociais municipais, servizos médicos, Garda Civil,...

7.2 Recursos materiais:

- Normativa relacionada coa convivencia.
- Documentos básicos de actuación
- Bibliografía sobre o tema

8. Avaliación.

A avaliación ordinaria do Plan de Convivencia levarase a cabo a través das reunións da Comisión de Convivencia do Centro que se reunirá, con carácter ordinario cada trimestre e con carácter extraordinario sempre que sexa necesario.

Na avaliación ordinaria terase en conta:

- Os problemas que xurdiron, as medidas tomadas e os resultados.
- O Plan de Convivencia e a necesidade de incorporar cambios na súa

redacción.

ANEXOS:

ANEXO I **-ACOSO ESCOLAR**

ANEXO II **-ALUMNADO CON TEA**

ANEXO III **-SINDROME DOWN**

ANEXO IV **-DETENCIÓN RISCO SUICIDA**

ANEXO V **-ALUMNADO CON DISCAPACIDADE AUDITIVA**

ANEXO VI **-HABILIDADES SOCIAIS**

ANEXO VII **-PLAN DE ACOLLIDA A ALUMNADO ESTRANXEIRO**

A directora certifica que este PLAN DE CONVIVENCIA do CPI de ATIOS VALDOVIÑO foi revisado e **aprobado** polo **Consello Escolar** na súa reunión do **25 de outubro de 2023**.

Visto e prace



A directora

O Secretario

Asdo.: Tania Mª Ruanova Suárez

Asdo.: Antonio Cebreiro Melero